

PAU 2026
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Pregunta 1. Reflexión crítica de fontes de información (2,5 puntos). Valorarase de maneira positiva a detección, explicación e correcta redacción de dous presupostos erróneos, mesmo se estes están dentro do mesmo aspecto temático (arsenal / matrícula de mar), é dicir, pode acadarse a máxima puntuación detectando dúas cuestións que aludan ao erro 1 ou ben ao erro 2.

O reformismo borbónico en Galicia

Identificación das informacións erróneas (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

O texto di que o Arsenal se construíu para “protexer o tecido industrial local”; ser “un complexo industrial para a venda de barcos” e “asegurar as boas comunicacións con América”.

- **No caso de sinalarse como erro o feito de que o Despotismo Ilustrado é a segunda metade do século XVIII e non a primeira tamén será valorado de maneira positiva.**

Erro 2:

“(…) o sistema xeraba moitas críticas e desercións pola adhesión á causa dos Habsburgo (…)

- **A data contida no documento non é un erro senón unha gralla tipográfica, xa que a Matrícula do Mar desapareceu en 1873. En consecuencia, pode ser considerada de maneira positiva se o alumnado sinalou que a data non se correspondía, pero non responde a un erro que se tivera que salientar coma tal.**

Explicar os erros detectados (ata 1,5 puntos).

Argumentos explicativos do erro 1:

- O Arsenal de Ferrol foi creado polos Borbóns como base naval militar, para modernizar a Mariña de Guerra; construír e reparar barcos de guerra; centralizar a política naval borbónica.
- A finalidade do Arsenal era fortalecer a Mariña de Guerra borbónica, modernizar a defensa naval e articular unha base estratéxica no Cantábrico.
- O Arsenal foi concibido para protexer o tráfico marítimo, reforzar a defensa fronte a Inglaterra.
- Non naceu para protexer o tecido industrial local, xa que antes da súa construción, Ferrol era só unha pequena vila mariñeira.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

- A súa función fundamental era asegurar o control marítimo e recuperar a hexemonía no Atlántico.
- A súa posición estratéxica permitía protexer o comercio e responder con rapidez aos ataques exteriores.
- Coa súa creación tamén se buscaba centralizar a política naval: construír, manter e reparar os buques de guerra nun único lugar.
- Igualmente, tiña como finalidade dotar á monarquía dun estaleiro coas infraestruturas e tecnoloxía máis moderna da Europa do seu tempo.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita varios argumentos e/ou, desenvolve con certa profundidade un deles, en relación a un suposto erróneo ou a dous.

Argumentos explicativos do erro 2:

- A Matricula de Mar foi un sistema de recrutamento obrigatorio (non voluntario) creado polos Borbóns.
- Era rexeitada por motivos sociais e económicos, xa que a obrigatoriedade do servizo implicaba a perda da liberdade laboral e tamén un grave impacto económico nas familias mariñeiras ao ter que abandonar actividades moito máis produtivas como eran a pesca e o comercio marítimo.
- As desercións dos mariñeiros producíronse pola dureza da vida militar, polas malas condicións na Armada, polo forte control estatal exercido sobre os mariñeiros, polas longas campañas, polos constantes riscos que sufrían e polo baixos salarios que recibían.

O alumnado obterá a máxima puntuación neste apartado se cita varios argumentos e/ou, desenvolve con certa profundidade un deles, en relación a un suposto erróneo ou a dous, de detectar a data errónea, se ben, non se contempla como erro intencionado senón como gralla involuntaria.

Ademais das opcións propostas, valorarase positivamente calquera outra coherentemente razoada e axustada ao contido da pregunta.

Redacción correcta dos erros (ata 0,5 puntos):

Erro 1:

“(…) O que fixo necesario fortalecer a defensa marítima para facer fronte aos posibles ataques dos ingleses a través da creación de bases militares (…)”.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

Erro 2:

“(…) o sistema xeraba moitas críticas e desercións porque provocaba perdas económicas nas familias polos baixos salarios e obrigaba a servir en condicións duras e con longas campañas”.

Ademais das opcións propostas valorarase positivamente calquera outra coherentemente redactada que se axuste a algún dos argumentos dados polo alumnado no apartado anterior.

Pregunta 2. Análise comparativa (2,5 puntos)

2.1. Compare as características do Sexenio Absolutista e o Trienio Liberal do reinado de Fernando VII:

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: Algunhas semellanzas: - En ambos períodos a forma de goberno era a monarquía hereditaria; recoñecéndose a Fernando VII como rei. - Nas dúas etapas houbo unha gran inestabilidade e enfrontamentos constantes entre absolutistas e liberais. - O exército foi decisivo en ambos períodos a través de pronunciamentos de distinta ideoloxía. - En ambos períodos houbo unha forte crise económica, ocasionada polo afundimento da Facenda Pública debida á perda do comercio colonial e á débeda estatal. Algunhas diferenzas: - Durante o Sexenio, Fernando VII goberna segundo os principios do absolutismo mentres que no Trienio impuxéronse os principios básicos do liberalismo político. - No Sexenio, o rei contou co apoio dos deputados servís ou realistas das Cortes de Cádiz, a nobreza, o clero..., porén, os gobernos do Trienio foron apoiados polos sectores da burguesía, funcionarios, militares e intelectuais progresistas. - No Sexenio, o contexto internacional era favorable ao restablecemento do absolutismo mentres no Trienio dito contexto era adverso (Santa Alianza).

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas, e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Para a obtención da máxima puntuación nesta pregunta, o alumnado debe redactar a resposta como unha comparación (independentemente da súa estrutura) non como unha pregunta tema tradicional.

2.2. Compare as formas de oposición, dende fóra e dende grupos afíns, á ditadura franquista.

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 0,5)	Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta Texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 0,6 e 1,24)	Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción moi simple
Aprobado (entre 1,25 e 1,74)	Resposta na que se indican algunhas semellanzas ou diferenzas básicas. A saber: Algunhas semellanzas: - En ambos casos hai unha vontade democratizadora: a oposición busca acabar co réxime e os afíns transformalo. - Ambas contribúen a deslexitimar o franquismo aínda que por vías distintas: propaganda, presión internacional, etc, fronte ás críticas dos piares do réxime (Igrexa, Falanxe, exército) e dos monárquicos. - Ambas coinciden na defensa de dereitos e liberdades. - Ambas tiveron divisións ideolóxicas internas. - As dúas formas de oposición intensifican as súas posicións na etapa final da Ditadura. Algunhas diferenzas: - A oposición ao Franquismo foi temperá e estivo integrada polos derrotados da Guerra Civil; a oposición dos afíns foi máis tardía, conformada por antigos aliados de Franco. - O obxectivo político dos antifranquistas era acabar coa ditadura e restablecer a democracia mentres que a oposición dos grupos afíns buscaba reformar o

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	sistema desde dentro. - Os opositores naturais do réxime foron guerrilleiros, estudantes e intelectuais, sindicatos, partidos antifranquistas e grupos terroristas mentres que a oposición afín actuaba desde as institucións do propio réxime, utilizando en cada caso métodos diferentes. - A actitude do réxime respecto da oposición foi máis dura cos antifranquistas que cos afíns. Texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 1,75 e 2,24)	Resposta na que se indican semellanzas ou diferenzas básicas e se explica con certa profundidade polo menos UNHA delas. Redacción correcta
Sobresaliente (entre 2,25 e 2,50)	Resposta que ademais de indicar semellanzas ou diferenzas básicas, explica con certa profundidade polo menos DÚAS delas. Redacción correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado

Para a obtención da máxima puntuación nesta pregunta, o alumnado debe redactar a resposta como unha comparación (independentemente da súa estrutura) non como unha pregunta tema tradicional.

3. Comentario de texto histórico (ata 2,5 puntos)

3.1. Observacións de Manuel Murguía sobre o rexionalismo galego (1889)

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. -O texto/autor expón as bases do rexionalismo galego. -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5 -O texto/autor defende que Galicia posúe características que a converten nunha “nación de feito” e reclama autogoberno dentro dun Estado español excesivamente centralista. -O texto aborda a existencia dunha identidade propia (lingua, historia, territorio, sentimentos colectivos) e a reivindicación dunha descentralización ampla para Galicia.
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situar na súa etapa histórica: ata 0,2 Restauración Borbónica. -Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 Restauración Borbónica (1874-1902) / Reinado de Afonso XII e Rexencia de María Cristina de Habsburgo. -Etapa histórica+cronoloxía precisa + autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5 Restauración Borbónica (1874-1902) / Reinado de Afonso XII e

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	Rexencia de María Cristina de Habsburgo. Murguía, principal representante do rexionalismo galego, reivindica as singularidades propias do pobo galego e critica o centralismo canovista.
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 -Explicación xenérica do rexionalismo galego. -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1. -Explicación detallada dos principios básicos do rexionalismo galego: reivindicación da identidade, da cultura, da memoria colectiva e demanda de autogoberno. -Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5 - Ademais do esixido no punto anterior, afóndase na débil nacionalización española / no desigual desenvolvemento económico / na reacción ao centralismo liberal que prexudica os intereses galegos / denúnciase o propio sistema da Restauración que impide o desenvolvemento doutros proxectos políticos / incídese no papel de Murguía como figura central do rexionalismo galego que prepara o camiño para o posterior nacionalismo do s. XX / compáranse as características do rexionalismo galego coas doutros proxectos políticos periféricos / refírese a existencia de institucións propias (monarquía e nobreza galega) no pasado / afóndase na análise e uso do documento.

3.2. Situación da monarquía segundo Ortega y Gasset nun artigo publicado no diario *El Sol* (1930)

Identificación do tema (entre 0 e 0,5)	-Distinción xenérica do asunto tratado no texto: ata 0,25. -O texto/autor analiza a situación da monarquía española tras a Ditadura de Primo de Rivera. -O texto denuncia a continuidade do réxime monárquico. -Indicación precisa do asunto tratado no texto: ata 0,5 -O texto/autor critica a política do Xeneral Berenguer para restaurar o réxime constitucional (o chamado “erro Berenguer”). -Ortega manifesta que a monarquía debe desaparecer, pola súa incapacidade para resolver a situación política do país neses momentos.
Contextualización do documento (entre 0 e 0,5)	-Situación na súa etapa histórica: ata 0,2 Crise da Restauración Borbónica. -Etapa histórica+cronoloxía precisa: ata 0,3 1930: ano chave da crise definitiva da Restauración, tras a caída da Ditadura de Primo de Rivera / Ditabrande do Xeneral Berenguer logo da dimisión de Primo de Rivera.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	-Etapa histórica+cronoloxía precisa+autoría ou intencionalidade (segundo o caso): ata 0,5 - 1930: ano chave da crise definitiva da Restauración, tras a caída da Ditadura de Primo de Rivera / Ditabrande do Xeneral Berenguer logo da dimisión de Primo de Rivera. Ortega y Gasset, opositor da ditadura, denuncia o intento da monarquía de restablecer a “normalidade constitucional” coma se “non pasase nada”.
Comentario do proceso histórico // tema (entre 0 e 1,5 puntos)	-Resposta básica: ata 0,5 -Xeneralidades sobre o final da ditadura de Primo de Rivera e a transición cara ao establecemento da Segunda República (a coñecida como Ditabrande). -Resposta que demostra o coñecemento do tema: ata 1 - Explicación detallada do fin da ditadura de Primo de Rivera e das medidas tomadas pola monarquía para restablecer o sistema constitucional así como da oposición que estas xeraron. Resposta con precisións e aclaracións: ata 1,5 - Ademais do esixido no punto anterior, afóndase nos factores que levaron ao fin da ditadura / incídese na organización da oposición á monarquía / afóndase na análise e uso do documento e na súa autoría: Ortega y Gasset apoiou inicialmente a ditadura para logo distanciarse da mesma e denunciar a incapacidade da monarquía para adaptarse á nova realidade política.

4. Comentario de táboas de datos (2,5 puntos)

4.1. Rede do ferrocarril en España (1865)

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 -O mapa amosa a rede ferroviaria española durante o reinado de Sabela II. -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0, 5 - O mapa reflicte o período de maior expansión da construción ferroviaria do século XIX, como consecuencia da aplicación da Lei de Ferrocarrís de 1855 (aprobada durante o Bienio Progresista). - Identifícase que o sistema busca conectar a capital coas periferias industrializadas e coas cidades máis populosas do país. -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados +
--	---

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	valoración dos datos: ata 1 -Ademais do sinalado no apartado anterior, incídese nos fortes contrastes entre as zonas industrializadas da costa e a desarticulación do interior rural.
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos -Mención xenérica do proceso de construción da rede ferroviaria en España e das súas principais consecuencias. -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto. -Explicación da Lei de Ferrocarrís polo impulso que supuxo para a súa construción e polas súas peculiaridades intrínsecas. -Relacionar co proceso desamortizador, en particular o de Madoz. -Comentario do obxectivo do seu trazado e das consecuencias derivadas do mesmo. -Comentar as súas limitacións (derivadas da propia lei e do ancho de vía) e tamén os seus efectos positivos (modernización do transporte, redución de prezos, aumento dos intercambios, articulación dun mercado interior). -Considerar se axudou ou non a impulsar a industria nacional (siderurxia).

4.2. Mapa dos latifundios en España (1932) realizado por Pascual Carrión

Análise dos datos (entre 0 e 1)	-Identificación do período cronolóxico, ámbito xeográfico e idea principal que reflicte o documento: ata 0,25 -O mapa mostra a distribución dos latifundios en España en 1932, durante a Segunda República. -Identificación da idea principal + análise dos períodos/asuntos que se poden distinguir, así como a relación entre eles e, de ser o caso, a evolución dos datos: ata 0, 5 -O mapa mostra a distribución dos latifundios en España en 1932, durante o Bienio Reformista da Segunda República. Sínálanse por cores a porcentaxe que estes ocupan sobre todos os demais predios en cada unha das provincias. Agrúpanse todas as provincias en cinco categorías, catro delas porcentuais (ata o 10%, 10%-25%, 25%-40%, +40%) e unha última cualitativa, denominada “sen catastrar”. -Identificación da idea principal + exame dos distintos apartados + valoración dos datos: ata 1 -O documento reflicte zonas de latifundios como Andalucía Occidental,
--	---

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.

	Estremadura, parte de Castela-A Mancha e o sur de Salamanca; zonas con porcentaxes intermedias (Castela e León, Murcia, Aragón); zonas con pequenas explotacións como Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, Cataluña e Valencia; e zonas sen catastro (áreas montañosas ou de baixa produtividade). -A información revela unha estrutura agraria diversa, na que conviven zonas con latifundios e zonas con pequenas explotacións, asemade de realidades concretas. Por exemplo, a zona suroccidental é a única na que os latifundios soben do 40% en cada provincia; mentres en todo o sur peninsular restante dita porcentaxe sitúase entre o 25% e o 40%. Por outra banda, no extremo norte peninsular ningún dos latifundios pondera máis do 10% en cada provincia. -O autor é o enxeñeiro agrónomo Pascual Carrión, un dos máis destacados promotores da Lei para a Reforma Agraria da Segunda República.
Explicación do contido (entre 0 e 1,5)	-Indicar e explicar de forma xenérica o contexto histórico do documento obxecto de comentario: ata 0,5 puntos - Mención xenérica dos obxectivos, características e consecuencias da Lei de Reforma Agraria. -Afondar na explicación do tema (comentario das causas, obxectivos, posibles dificultades, acontecementos históricos directamente relacionados co mesmo, consecuencias...): ata 1 punto. - Afondar nos diferentes obxectivos e consecuencias da reforma agraria republicana consonte ao contraste territorial que reflicte o documento: abordar o problema social dos xornaleiros na España latifundista e garantir a subsistencia familiar na minifundista. -Referir o proceso histórico que dá lugar á estrutura agraria española nos inicios do s.XX (expansión dos reinos cristiáns/desamortizacións do s.XIX) / Sinalar a secular preocupación respecto do problema agrario dende a Ilustración. -Comentar as causas da oposición á aplicación da lei e a conflitividade social que implicou.

NOTA XERAL: O acordo da CRUE sobre os criterios de avaliación das probas sinala que a cualificación outorgada debe valorar a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica así como a súa presentación. No caso da nosa materia, a ponderación será do 10% da cualificación total outorgada ao exame, á alza ou á baixa.